

Dous aspectos da fala

(tirado de Kenneth Burke. *Permanence and Change. Anatomy of Purpose*. Berkeley :University of California Press, 1984 (3ª ed. Con limiar novo), pp. 175-8. (1º ed.: 1935).

Cómpre distinguirmos dous aspectos da condición comunicativa da fala. A fala é comunicativa no senso de prover certa base común de sentimento –ou no senso de valer de instrumento común de acción. Nas sociedades primitivas ambas a dúas funcións son case idénticas: os matices emocionais do idioma tribal estimulan os tipos de comportamento gracias ós que a tribo traballa e sobrevive. A palabra para os inimigos tribais conterà os matices do mal que reforzan a organización para combate-lo inimigo. Pode ser que as palabras para os cometidos tribais conteñan matices favorables que perpetúen os mesmos cometidos. Por medio de tal identidade entre os aspectos de comunión e acción da fala, o vocabulario de facer, pensar e sentir vira cousa íntegra.

A grande variedade recente de novas cuestións e novas relacións que a ciencia e mailo comercio trouxeron ó mundo moderno rachou a tal relación integral entre pensamento e sentimento no medio comunicativo. Veláí, logo, un paradoxo: os científicos tentaron construír un vocabulario neutro por mor de accións máis efectivas. Aprenderon que por medio do “enuizamento en suspenso”, por medio da invención dun vocabulario non moral para o estudo dos procesos cósmicos e humanos, poderían acadar unha idea máis clara de cómo é que os tales procesos funcionan, e poderían establecer un sistema máis eficiente de control sobre eles.

Dende un punto de vista estritamente moral, cando a actitude de alguén a respecto dun obxecto se forma por adiantado, o rango e cualidade das observacións vense restrinxidas pola actitude. Pomos por caso, se un estudase criminais partindo da asunción moral de que són ruíns a mantenta, un habería pregarse automaticamente a tratamentos de xeito vindicativo; mais se un estuda criminais co “enuizamento en suspenso”, sinxelamente en calidade de fenómeno social, podería aprender novos feitos de importancia a respecto da xénese do crime, e a partir de tales feitos poderíase derivar todo un programa novo para o tratamento e prevención do crime. De tales xeitos, segundo se mantivo, a neutralidade do punto de vista podería fomentar ocasionalmente os fins da acción.

Mais a fala, en esencia, non é neutral. Lonxe de ter por cometido a suspensión do enuizamento, a fala espontánea da xente vai carregada de xuízos. É intensamente moral –os nomes dos obxectos conteñen matices emocionais que nos dan pistas a respecto de cómo é que temos que actuar con tales obxectos. Mesmo unha palabra da caste de automóbil conterà decote certa elección oculta (non designa meramente un obxecto, senón un obxecto desexable). A fala espontánea non é só nomear, senón un sistema de actitudes, de exhortacións implícitas. Chamarlle a un home amigo ou inimigo é, *per se*, suxerir un programa de acción a respecto del. Ingrediente importante no significado de tales palabras son precisamente as actitudes e actos que van de par delas. Independentemente de termo-lo programa de acción por adecuado (como cando a fala axuda á tribo primitiva a organizar con éxito a pesca) ou inadecuado (cando a fala atrangalla a manipulación de cuestións non raciais estimulando a persecución racial) tales ponderacións emocionais ou morais inherentes á fala espontánea tenden a reforza-lo propio acto, virando logo idénticos os aspectos comunicativos e activos da fala.

A tal fala é fondamente partidista. E foi precisamente a tal condición partisana a que quería eliminar Bentham, que formulou especificamente o proxecto dun vocabulario neutral. Percibiuna ben na “poesía” da fala e ofendeuse por causa dos poderes “máxicos” que tiña para promover accións non razoadas.

Abofé que, cun ideal informativo na base do esforzo científico, e coa ciencia a gozar de prestixio a xeito de ideal básico do esforzo moderno, os poetas sentiron decote que o esforzo corría perigo, temor que ás veces simbolizaon por medio do desespero e, doutras veces, por medio do descaro. Ante todo acontecemento souberon –sen o dicir para eles en tantas palabras- que non se trataba do *seu* tipo de comunicación. Non era asunto deles dar información verbo de obxectos; comunicaban cando establecían identidade moral co seu grupo polo uso das mesmas ponderacións morais (pomos por caso un poema de guerra en tempos de guerra). Engádase a isto o feito de que esta condición comunal de ponderacións morais fora ela propia deteriorada, e verase a magnitude dos problemas.

A moralidade proletaria defendida por Marx é unha tentativa de dar coa tal actitude de condición comunal a conta dunha base de clase, en troques de toma-la sociedade por un todo homoxéneo. Procura dar cun novo sistema de partidismo e, neste senso, aínda que os que a asumen a teñan por científica, tende a rempraza-las esperanzas estritamente científicas dun vocabulario neutral por un vocabulario novamente ponderado, que sería moral, ou poético. É probable que o proxecto todo da actitude neutral a respecto das cuestións de experiencia non sexa máis ca transitorio, resultado do feito que gran parte das cuestións se nos ofrecen para que as incluamos no noso esquema de criterios¹.

¹ Hai outra condición importante que vén ser necesaria para a prevalencia do escepticismo. O escepticismo require cantidades considerables de seguridade denantes de que poida ser desenvolvido en forma sistemática. Os que dubidan toda unha vida teñen que ser pagos dun xeito ou doutro polas súas dúbidas. No caso dunha clase privilexiada escéptica, a orde tende a se invertir: en troques de lles pagar se dubidan, reciben primeiro o pago (a xeito de incremento inmerecido) e dubidan logo. En tal etapa moitos “proletarios do pensamento” gañan a vidiña forncéndolle material de dúbida á clase escéptica. Nada fai máis segura a dúbida ca un sistema distributivo e productivo adecuado que vai en decadencia pero non decaeu. Veláí logo que os escépticos foron máis felices no século dezanove, cando o sistema capitalista era perfectamente útil malia as obvias inadecuacións, do que o poden ser no século vinte, particularmente nos países moi industrializados nos que o capitalismo está abeirándose ós límites de expansión. Os escépticos, en tales tempos, viran sutilmente desempregados. Pasaron os tempos nos que un podía contentarse con cuestiona-las vellas certezas, cómpre aliñarse coas novas certezas.